

SIN APROBAR

O equipo de goberno do Concello de Ribadumia propón a presentación ó Pleno da Corporación municipal para a súa aprobación, se procede, das seguintes

BASES PARA A REPARTICIÓN DE AXUDAS DIRECTAS Á ACTIVIDADE ECONÓMICA 2021

1.- ANTECEDENTES.

Nos pasados meses, a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as deputacións provinciais mantiveron diversas reunións co fin da creación dun plan de rescate dotado economicamente para os sectores máis afectados pola pandemia.

Nestas reunións, as institucións locais defenderon que se destinase un 1% dos orzamentos das administracións públicas para poñer en marcha unha liña de axudas destinada a autónomos e microempresas para compensar a caída de ingresos provocada pola redución da actividade económica provocada pola crise sanitaria do Covid-19.

Así mesmo, propuxeron que fosen os concellos os que, directamente, xestionasen esta liña de axudas do plan de rescate, dirixida ós sectores da hostalaría, turismo, autónomos e microempresas, baseándose fundamentalmente no seu maior, e directo, coñecemento do tecido empresarial do seu territorio.

En consecuencia co anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra suplementou o crédito do Plan Concelos 2021 na cantidade correspondente ó 1% do orzamento provincial para destinalo ós sectores que non poden normalizar a súa actividade polos peches totais ou parciais ós que se ven sometidos como consecuencia dos rebotes da pandemia do Covid-19; así mesmo, modificou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021, engadindo unha disposición adicional.

2.- OBXECTO.

A través destas bases preténdese establecer a forma de distribución das axudas directas que corresponden, segundo a variable de poboación, ó Concello de Ribadumia segundo o aprobado pola Deputación Provincial.

3.- FINANCIAMENTO.

Esta iniciativa está subvencionada directamente pola Deputación Provincial trala modificación de crédito aprobada, existindo unha consignación na partida 470.02 do



orçamento de gastos para 2021, por importe de 14.727,62€ euros, e sendo esta a cantidade máxima a aplicar á mesma.

Non obstante, poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria, co fin de recoller futuras axudas que se poidan aprobar, ben directamente de fondos propios do Concello de Ribadumia ben por parte de axudas de distintas administracións públicas e/ou entidades privadas, mediante a subscripción, de ser o caso, de convenios de colaboración que posibiliten o cumprimento dos obxectivos previstos.

4.- CONDICIÓN S PARA A DISTRIBUCIÓN DAS AXUDAS.

A modificación das bases reguladoras e da convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021 introduciu unha disposición adicional na que se recollen as *“Medidas destinadas ó financiamento dos gastos derivados da liña de axudas para os sectores máis afectados pola situación pandémica que xestionen os concellos”*.

As condicións que se establecen son as seguintes:

- a) As axudas distribúense en base ós criterios recollidos no anexo I:

ANEXO I Criterios obxectivos de outorgamento das subvencións.

	VARIABLES REPARTO		
IMPORTE APLICACIÓN S		1.644.969,42€	
VARIABLES DE REPARTO EN PORCENTAXES			
CONCELLOS	59		
SUPERFICIE TERRITORIO (km²)	4.267,20	0,00	0,00%
POBOACIÓN (hab.)	564.272	1.644.969,42€	100,00%
NÚCLEOS DE POBOACIÓN	1.968	0,00€	0,00%
DENSIDADE DE POBOACIÓN (hab./km²)	132,23	0,00€	0,00%
		1.644.969,42€	100,00%
TOTAL EUROS PARTE FIXA		0,00€	0,00%
TOTAL EUROS PARTE VARIABLE		1.644.969,42€	100,00%
TOTAL EUROS EN REPARTO		1.644.969,42€	

- b) Tendo en conta isto, ó Concello de Ribadumia correspóndenlle **14.727,62€**.



- c) As axudas só se poden destinar a financiar as achegas económicas directas destinadas ou que se vaian destinar ós sectores de **hostalería, comercio, axencias de viaxe, ximnasios** ou similares, sempre que sexan **PEMES ata 10 persoas e autónomos**.
- d) As axudas poden solicitarse de acordo co establecido para a Liña 2 do Plan Concellos, se ben o prazo final de presentación é o 31 de decembro de 2021.
- e) O importe resultante da axuda incrementará a cantidade que corresponda á Liña 2, se ben non se poderá destinar a ningunha outra finalidade.
- f) Permitirase o pago anticipado de ata o 100% da axuda concedida para dotar da liquidez necesaria ós concellos e xestionar de forma eficaz esta axuda, previa solicitude motivada na que se xustifique a necesidade de dispoñer do crédito de xeito inmediato.
- g) A xustificación desta axuda farase de acordo coas determinacións establecidas para a Liña 2 nas bases do Plan Concellos 2021, excepto no caso de pago anticipado recollido na letra anterior.

5.- AXUDAS.

As axudas serán de índole económica, mediante a achega dunha cantidade que determinará a Comisión de Valoración, axuda que en ningún caso superará a consignación máxima existente.

O reparto farase tendo en conta o montante total a repartir e o número de solicitudes recibidas que cumpran os requisitos establecidos pola Deputación Provincial na modificación aprobada.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida polas distintas administracións públicas con competencia neste eido e o seu pagamento realizarase polo 100% do importe da axuda concedida, mediante ingreso na conta corrente que se indique, para o cal se achegará certificado de titularidade no momento da solicitude.

6.- BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar estas axudas os autónomos e os representantes das PEMES ata 10 persoas, legalmente constituídas, cuxa actividade estea incluída nos sectores da hostalería, comercio, axencias de viaxes, ximnasios ou similares e se desenvolva dentro do termo municipal de Ribadumia, independentemente de onde radique a súa sede oficial.

Dada a natureza extraordinaria destas bases, así como a situación económica actual provocada pola pandemia que provocou que moitos autónomos e empresas se visen obrigados a solicitar aprazamentos das súas obrigas tributarias ou, mesmo, a non poderlles facer fronte transitoriamente de forma puntual, de acordo co establecido no artigo 10.32 da



Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exímese ás persoas beneficiarias desta axuda do requisito de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, á Administración pública da Comunidade Autónoma ou ó Concello de Ribadumia no momento da concesión da axuda, sempre que o beneficiario se comprometa, mediante declaración responsable asinada, a poñerse ó corrente das súas obrigas tributarias inmediatamente despois de pagada a axuda concedida.

7.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Con carácter xeral, consideraranse subvencionables os seguintes gastos relacionados coa actividade da empresa, realizados e efectivamente apagados desde a declaración do último estado de alarma (BOE, 25 de outubro de 2020) e a data de presentación da solicitude de axuda:

- ✓ Alugueros: bens mobles e inmobles.
- ✓ Subministrados: auga, electricidade, saneamento, combustible.
- ✓ Seguros de responsabilidade civil e accidentes.
- ✓ Compra de mercadorías relacionadas coa actividade.
- ✓ Gastos derivados dos salarios do persoal contratado por conta allea excluídas as retencións.
- ✓ Gastos financeiros directamente relacionados coa actividade.

En virtude do artigo 29.8 da lei 9/2007, non se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda ou os xuros debedores de contas bancarias.

Estas axudas teñen carácter finalista, polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación bancaria ou cargo en conta a través de tarxeta. Non se aceptarán gastos pagados en efectivo.

8.- PRINCIPIOS DE XESTIÓN.

A xestión da concesión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:

- ⇒ Publicidade, concorrencia non competitiva, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- ⇒ Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados para a concesión destas axudas.
- ⇒ Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.
- ⇒ Suxeición da concesión das axudas á existencia de crédito presupostario.



9.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Todos os interesados disporán dun PRAZO DE VINTE DÍAS NATURAIS dende a inserción das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para a presentación de instancia en modelo normalizado dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadumia, indicando:

- NIF do titular/ CIF da empresa.
- Enderezo e correo electrónico de contacto.
- Alta como autónomo na Seguridade Social (RETA).
- Certificación de IAE.
- Certificado de conta bancaria.
- Declaración responsable en modelo normalizado que conterá os seguintes apartados:
 - ✓ Que coñece e acepta integramente o contido destas bases, cumprindo a totalidade dos requisitos que nelas se recollen.
 - ✓ Que figura dado de alta no correspondente réxime da Seguridade Social.
 - ✓ Que a súa actividade se desenvolve dentro do termo municipal de Ribadumia.
 - ✓ Que se compromete a poñerse ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, provinciais e/ou municipais unha vez lle sexa aboada a axuda concedida, como mínimo nese mesmo montante económico, de ser o caso.

10.- COMISIÓN DE VALORACIÓN.

Estará constituída por:

- ✓ Presidente: O Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadumia ou concelleiro no que delegue.
- ✓ Vocais: O concelleiro delegado de Contas, Economía e Facenda ou concelleiro no que delegue.

O concelleiro delegado de Promoción Económica ou concelleiro no que delegue.

Os portavoces dos grupos políticos da Corporación municipal ou concelleiro no que deleguen.

Un técnico municipal do Servizo Económico ou de Recadación.

- ✓ Secretario: O secretario-interventor do Concello de Ribadumia, con voz e sen voto.



Os membros da comisión deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Sr. Alcalde-Presidente cando conorra neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Para actuar validamente, a comisión requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros.

A comisión de valoración adoptará os seus acordos por maioría simple, entendendo por tal cando os votos afirmativos son máis cós negativos, resolvendo os empates o Sr. Alcalde-Presidente co voto de calidade.

11.- TRAMITACIÓN.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias reunirse a Comisión de Valoración, previa convocatoria realizada polo Sr. Alcalde-Presidente.

A comisión analizará cada unha das solicitudes presentadas e, no caso de que a mesma se atope incompleta, inexacta ou existan dúbidas na súa interpretación, requirirase ó interesado para que proceda á súa subsanación nun prazo máximo de dez días hábiles, indicando que, de non facelo, considerárase que desiste da súa solicitude.

Unha vez vistas todas as solicitudes, a Comisión de Valoración fará unha proposta, que se someterá á aprobación da Xunta de Goberno, na que se sinalarán as solicitudes aprobadas e as súas condicións, así como as denegadas e o seu motivo.

Unha vez recibida a confirmación da axuda, o beneficiario deberá presentar, de forma da que quede constancia e, preferiblemente, a través de medios electrónicos, os documentos que xustifiquen a realización e pagamento do gasto subvencionable. Estes xustificantes serán elevados á seguinte Xunta de Goberno que se realice, que será a que acorde o seu pagamento, de ser o caso.

Igualmente, no caso de dúbida interpretativa respecto da contía, da xustificación ou respecto da condición de beneficiario da axuda por parte do solicitante, será a Xunta de Goberno quen decida, dando conta con posterioridade ós membros da Comisión de Valoración dos cambios habidos, de ser o caso.

12.- RESOLUCIÓN E RECURSOS.

1. O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Xunta de Goberno, por proposta da Comisión de Valoración, tendo en conta que, en caso de dúbida interpretativa respecto do dereito á percepción da axuda ou á contía da mesma, será a mesma Xunta de Goberno quen decida.

2. A resolución de concesión emitírase atendendo á documentación presentada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de



solicitud, suscrita polo persoa que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3. O prazo máximo para resolver e notificar é de 3 meses, que se computarán desde a data de peche do prazo de presentación de solicitudes no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e, contra elas, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

13. REINTEGRO DAS AXUDAS.

Son causas de REINTEGRO das axudas recibidas, coa correspondente esixencia de intereses de demora desde o momento do pagamento da axuda ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- Obtención ou xustificación da axuda falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da axuda.
- Resistencia, escusa, obstrucción ou negativa ás actuacións, de ser o caso, de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado ós fondos percibidos.

14.- SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.

O Concello de Ribadumia, polos medios que estime oportunos e conforme a normativa en materia de subvencións, comprobará o cumprimento e realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a subvención.

15.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.



Estas axudas regularanse polo establecido nas presentes bases. En todo o non previsto nelas aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

16.- TRATAMENTO DOS DATOS.

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ó Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de protección de datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, o Concello de Ribadumia é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña.

A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obriga legal, e serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

O consentimento pode ser retirado en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ó enderezo electrónico concello@ribadumia.org.

Ademais, o Concello de Ribadumia dispón dun delegado de protección de datos (DPO) ó que dirixirse, de ser o caso, no enderezo electrónico dpo@legalforma.com.

Así mesmo, e de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos mesmos en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ó respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

DISPOSICIÓNS FINAIS

1. En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ó establecido nas disposicións legais vixentes aplicables na materia de subvencións.
2. Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no BOPPO.





SIN APROBAR

ANEXO I

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
	SOLICITUDE

(Datos da persoa solicitante cando pode ser unha persoa física ou xurídica)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN						
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico:						
CORREO ELECTRÓNICO						
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE						
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.						
<ul style="list-style-type: none"> • Electrónica, a través do Sistema de notificación electrónica Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou eDNI. • Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente). 						
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR PORTA
PARROQUIA			LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE		

CSV: 07E500026E9E00Y808H1C2Z3X2



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E500026E9E00Y808H1C2Z3X2 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE :: 202100
	M ^e DOLORES FRANCO MATEO-SECRETARIA - 09/04/2021 CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 09/04/2021 17:28:28	21000037 Fecha: 09/04/2021 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL





SIN APROBAR

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

- 1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 - Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

- 2. Que se compromete a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
- 3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- 4. Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social e non ter débedas de ningún tipo co Concello. En caso contrario, entregará certificación das débedas existentes e comprométese a destinar a axuda que se lle poida conceder ó pagamento das mesmas na cantidade que lle corresponda.
- 5. Que solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nas bases reguladoras do procedemento.
- 6. Que a actividade se desenvolve dentro do termo municipal.
- 7. Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.
- 8. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
<input type="checkbox"/> NIF/CIF/NIE da persoa física ou xurídica titular da actividade
<input type="checkbox"/> Alta como autónomo na Seguridade Social (RETA)
<input type="checkbox"/> Certificación de IAE
<input type="checkbox"/> Certificado de titularidade de conta bancaria
<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>

OBSERVACIÓNS

(Cadro de sinatura)

[SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE]				
Lugar e data				
	,	de	de	

CSV: 07E500026E9E00Y8O8H1C2Z3X2



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E500026E9E00Y8O8H1C2Z3X2 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE :: 202100 21000037
	Mê DOLORES FRANCO MATEO-SECRETARIA - 09/04/2021 CN=tsa.izenpe.com, ORGANIZATIONIDENTIFIER=VATES-A01337260, O=IZENPE S.A., C=ES - 09/04/2021 17:28:28	Fecha: 09/04/2021 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL

